

Orde do 4 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de prazas, en réxime de concorrència competitiva, de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a temporada 2025/2026, e se procede a súa convocatoria (Código de procedemento administrativo PR952A).

A Lei 3/2012, do deporte de Galicia, dedica o seu Título II ás competencias das Administracións públicas galegas en materia de deporte, establecendo no artigo 5 as competencias que lle corresponden á Administración Autonómica, segundo o establecido no artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía de Galicia. No punto 1 alínea m) establécese a competencia da Administración Autonómica do fomento e regulación do deporte e dos deportistas de alto nivel de Galicia así como os seus beneficios.

En prol da definición da política deportiva autonómica, fixando as directrices e programas de fomento e desenvolvemento do deporte galego dos seus diferentes niveis, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, está a dotar ao deporte de alta competición dos medios necesarios para a mellora do seu nivel técnico. Con este obxectivo establécense as presentes bases reguladoras para a concesión de prazas, en réxime de concorrència competitiva, de tecnificación e rendemento para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva (en diante CGTD) para a temporada 2025/26, e se procede a súa convocatoria.

Para os efectos da presente orde o CGTD dispón das instalacións situadas na cidade de Pontevedra, na rúa Padre Fernando Olmedo 1 e o Complexo Náutico e Campo de Regatas David Cal (Pontevedra-lugar de Verducido), así como as relativas ao Centro Galego de Vela, situado na Rampla de Cavadelo, s/n, na localidade de Vilagarcía de Arousa, todas elas clasificadas, xunto cos programas que nelas se desenvolven, polo Consello Superior de Deporte na Resolución do 27 de maio de 2014, publicada no BOE núm. 137, do 6 de xuño, como instalacións deportivas para o desenvolvemento do deporte de alto nivel e competición.

Na súa virtude, no uso das facultades que teño atribuídas, polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia

DISPOÑO

CAPÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

Establecer mediante esta orde as bases reguladoras e proceder á convocatoria, de prazas para o CGTD para a tempada 2025/2026, co fin de facilitar o adestramento dos/as deportistas orientado á mellora da tecnificación e rendemento, creando un clima de adestramento e convivencia entre deportistas de diferentes especialidades deportivas, fomentando a educación integral dos deportistas que favoreza o seu desenvolvemento persoal e facilitando a mellora do seu rendemento deportivo coa finalidade de alcanzar o máximo nivel competitivo (código de procedemento PR952A).

Os beneficios asociados á condición de persoa deportista beneficiaria dunha praza de tecnificación ou de rendemento están recollidos no artigo 17 destas bases reguladoras.

Esta convocatoria tramítase en réxime de concorrencia competitiva e con sometemento aos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, mérito e capacidade.

Artigo 2. Presentación de solicitudes e prazo

1. As solicitudes deberán ser presentadas polas federacións deportivas galegas de deportes individuais que sexan compatibles cos servizos e instalacións do CGTD das seguintes seccións: atletismo na especialidades de lanzamentos, bádminton, judo, loita, natación pura e natación en augas abertas, natación artística, piragüismo en augas bravas (sláalom), piragüismo en augas tranquilas, remo, taekwondo, triatlón, vela e ximnasia acrobática, trampolín e artística. As federacións, que contén cun grupo de tecnificación e/ou rendemento, remitirán os/as deportistas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3 desta orde e que se axusten á política deportiva autonómica establecida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a través da Secretaría Xeral para o Deporte.

2. As solicitudes deberán ser presentadas no modelo normalizado recollido como anexo I nesta orde, xunto a cal se achegará o resto da documentación solicitada segundo o disposto no artigo 6 (anexos II ao VI). O formulario da solicitude estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web da Secretaría Xeral para o deporte, no enderezo <https://deporte.xunta.gal>.

3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das federacións presenta a súa solicitude presencialmente,

requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos, notificaráselle á federación para que, nun prazo de dez días, emende os erros ou presente os documentos preceptivos. Unha vez que transcorra dito prazo sen que se produza a emenda, considerarase que desiste da súa petición.

5. Rematado o prazo de presentación de solicitudes e o establecido para a súa emenda, publicarase na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte e no seu taboleiro de anuncios as listaxes provisionais de admitidos, excluídos, con indicación da causa que orixina esta situación, e desistidos.

6. A presentación da solicitude para participar nesta convocatoria implica o coñecemento e a aceptación das bases que a regulan.

7. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*

Artigo 3. Das persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das prazas para deportistas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva todas aquelas persoas deportistas que, no momento de presentación da solicitude por parte das correspondentes federacións deportivas, cumpran os requisitos que se detallan a seguir:

- Ter nacionalidade española. Poderase excepcionar este requisito no caso daqueles solicitantes que foran seleccionados pola selección española para participar en competicións de carácter europeo ou mundial.

- Estar en posesión da licenza deportiva na modalidade para a que se presenta a solicitude, emitida pola federación galega correspondente ou ben pola federación española correspondente no caso de que a federación galega da modalidade en cuestión non estivera integrada na federación española.

Poderase valorar, segundo informe técnico da comisión de selección e como caso excepcional, o incumprimento deste requisito unicamente nas prazas de rendemento.

- Para os grupos de tecnificación, deberase pertencer a un club deportivo galego ou sociedade anónima deportiva dada de alta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como estar empadroadada nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- As persoas deportistas beneficiarias de praza de tecnificación deberán ter promocionado de curso na convocatoria ordinaria de xuño 2025, e non ter máis de dúas asignaturas suspensas. Excepcionalmente, poderase considerar a posibilidade de repetición daqueles deportistas cuxas federacións xustifiquen que participaron, con posibilidade de seguir participando, en campionatos de Europa, do mundo ou xogos olímpicos.

- Para ser beneficiario das prazas do grupo de tecnificación ou de rendemento deberanse cumprir os requisitos específicos de idade e residencia previstos no artigo 17.

Non poderán obter a condición de beneficiarias, aquelas persoas que concorren nalguna das circunstancias establecidas a seguir:

- Non obter un “apto” na análise médica realizada polo equipo médico do CGTD.

- Ter un informe negativo da Dirección do CGTD e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte a través da comisión de selección sobre o seu comportamento durante a súa estadía como bolseiro no Centro Galego de Tecnificación Deportiva durante o curso inmediatamente anterior ao desta convocatoria.

- Ter sanción en firme por dopaxe

- Ter sanción en firme por algunha das infraccións previstas no artigo 14 do Real Decreto 1591/1992, do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva (BOE de 19 do febreiro de 1993).

- Ter sanción en firme por algunha das infraccións previstas no artigo 97 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Artigo 4. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil

que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 5. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 6. Documentación complementaria.

1. Para a valoración dos méritos, as federacións deportivas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

Documentación	Unidades
Anexo II - Proxecto de tecnificación e/ou de rendemento para o curso 2025/2026.	1
Anexo III - Proposta de equipo técnico.	1 por persoa
Documentación, a maiores do disposto no artigo 7, que deberá achegarse xunto co	



anexo III: - Persoa adestradora deportiva de nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente, ou licenciado ou grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (CCAFED) ou técnico deportivo superior (se é o caso). - Experiencia: certificado da federación deportiva que acredite un mínimo de 3 anos de experiencia como adestrador/a coa titulación esixida, se é o caso, ou, no seu caso o recoñecemento da condición de DGAN. - Documento que indique o tipo de relación laboral prevista.	
Anexo IV – Persoa adestradora deportiva responsable da sección deportiva: - Declaración de coñecemento das súas funcións e declaración de non estar en situación de incompatibilidade.	1
*Anexo V – Persoa adestradora deportiva responsable de grupo: - Declaración de coñecemento das súas funcións e declaración de non estar en situación de incompatibilidade.	1 por persoa
Anexo VI - Valoración técnica das persoas deportistas. Xunto co anexo VI deberase achegar: - No caso das persoas deportistas de nova incorporación pertencentes ao grupo de tecnificación, unha copia do boletín de notas de xuño de 2025 ou ben unha copia do certificado académico da persoa deportista. - No caso das persoas deportistas de nova incorporación pertencentes ao grupo de tecnificación, un informe técnico para ser valorada a orde de prelación presentada no anexo II, apartado 7.1.a. - O certificado de residencia da persoa deportista proposta.	1 por persoa

** En caso de tratarse de persoas adestradoras de grupo*

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas solicitantes (as federacións deportivas), presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas

derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña a súa consulta:

- DNI ou NIE da persoa adestradora.
- Consulta de títulos oficiais universitarios da persoa adestradora.
- Consulta de títulos oficiais non universitarios da persoa adestradora.
- Consulta de inexistencia de antecedentes penais por delitos sexuais da persoa adestradora.
- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- DNI ou NIE da persoa presidente da federación.
- NIF da entidade representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 8. Órgano instructor.

A instrución do procedemento para a concesión das prazas correspóndelle á Comisión de Selección.

Artigo 9. Comisión de selección

1. A Comisión de Selección estará constituída por:

- Presidente/a: Subdirector/a Xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte.
- Vogal: Director/a do CGTD.
- Vogal: Subdirector/a do CGTD.
- Vogal: Técnico da Secretaría Xeral para o Deporte.
- Secretario: Funcionario/a da Secretaría Xeral para o Deporte.

2. As funcións da Comisión de Selección serán:

- Analizar a documentación presentada pola federación.
- Comprobar o cumprimento dos diferentes aspectos da convocatoria.
- Informar á federación dos aspectos que requiran ser modificados ou completados.
- Valoración e ratificación, se é o caso, dos informes emitidos pola Dirección do CGTD sobre a estadia como bolseiro, durante o curso escolar anterior a esta convocatoria, daqueles deportistas que soliciten a renovación da praza.
- Formular o informe-proposta de valoración que remitirá á persoa representante da Secretaría xeral para o Deporte.

3. Finalizado o prazo para a presentación das solicitudes, a Comisión de Selección estudará a documentación presentada polas federacións deportivas (anexo II) e comprobará o cumprimento de todos os aspectos da convocatoria, sendo a federación deportiva galega a responsable da autenticidade dos datos presentados.

4. Unha vez valoradas as solicitudes por esta comisión, esta valoración será comunicada ás federacións deportivas solicitantes indicando:

- Listaxe provisional de baremo.
- As federacións solicitantes.
- As persoas deportistas bolseiras propostas.
- O réxime da praza concedida.
- Puntos concedidos.

- Curso académico.
- Nova solicitude ou renova praza.

5. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá solicitar todas as xustificacións que considere necesarias sobre a orde en que os deportistas son propostos pola federación, segundo o anexo VI, en base á puntuación outorgada pola respectiva federación deportiva tendo en conta o disposto no artigo 22.1.e) desta orde, ou sobre a ausencia dalgún/ha destacado/a deportista na lista.

Artigo 10. *Proposta de resolución*

1. A persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, tendo en conta o informe da Comisión de Selección, formulará unha proposta de resolución baseada nas maiores puntuacións obtidas.

2. Esta proposta de resolución provisional exporase a información pública, na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte, por un prazo de dez días contados a partir do seguinte á data de publicación. Durante este prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen pertinentes nos lugares e formas indicados para a presentación de solicitudes.

3. Se algún dos/as candidatos/as propostos/as tivera a intención de non aceptar a adxudicación da praza, deberá comunicalo expresamente dentro do prazo de alegacións e proporase ao seguinte con maior puntuación; ante o rexeitamento deste, ofreceráselle ao/á situado/a a continuación, e así sucesivamente ata a súa cobertura.

4. Logo de rematar o prazo de alegacións e examinadas estas, se as houber, formularase a proposta de resolución definitiva.

Artigo 11. *Resolución*

1. O prazo máximo para resolver a convocatoria será de tres meses, contados a partir da data límite para a presentación das solicitudes. De non se resolver neste prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas.

2. Baseándose na proposta de resolución definitiva, a persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte será o órgano competente para a resolución do procedemento polo que se adxudican as prazas de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a tempada 2025/2026, de conformidade coa delegación de competencias prevista no artigo 3º.5 da Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería (DOG nº 117, do 18 de xuño de 2024).

Esta resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia, exporase na web institucional da Secretaría Xeral para o Deporte e notificaráselles ás correspondentes federacións deportivas, con indicación das federacións, os deportistas bolseiros e o réxime da praza concedida.

3. Publicada a resolución polo órgano concedente, a persoa beneficiaria disporá dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producira manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

4. As baixas que se produzan unha vez publicada a listaxe definitiva teñen que ser comunicadas inmediatamente e por escrito polo/a interesado/a ao enderezo de correo cgttd@xunta.gal para que poidan ser cubertas.

As baixas cubriranse, se así o considera oportuno a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, con deportistas pertencentes ás federacións nas que se produzan as baixas e seguindo a lista de espera dos deportistas valorados e que non acadaron praza.

No caso do grupo de tecnificación, poderase ter en conta, por cuestións organizativas da residencia, que cumpran cos requisitos de curso e xénero do deportista que causou baixa, e que a organización da residencia permita.

5. A concesión e a percepción da praza non implica ningún tipo de relación laboral, ou de natureza similar, entre a Xunta de Galicia e as persoas beneficiarias.

6. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da praza e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12. Obrigas da persoa deportista bolseira

A persoa deportista bolseira estará obrigada a:

- Cumprir o proxecto deportivo da súa federación.
- Realizar un número mínimo de adestramentos (75%) no proxecto deportivo, segundo o Regulamento de Réxime Interno do CGTD.
- Adestrar co técnico que lle asigne a súa federación, ata a categoría Sub23 (incluída).
- Participar nas competicións autonómicas, nacionais ou internacionais que a federación ou técnico do CGTD considere, principalmente en representación de Galicia, agás causa debidamente xustificada.

- Someterse aos controis de dopaxe segundo a normativa en vigor.
- Pasar o control médico obrigatorio nos servizos médicos do CGTD.
- Formalizar o seu ingreso previamente a súa incorporación nas oficinas do CGTD.
- Cumprir a normativa contida no Regulamento de Réxime Interno do CGTD.
- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 3 da convocatoria, para ser beneficiario, durante o tempo de duración da praza
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 13. Obrigas das federacións deportivas solicitantes

1. As federacións quedarán obrigadas a publicar nas súas páxinas web esta convocatoria, así como unha relación dos/as deportistas que manifestaron o seu interese para seren incluídos no seu proxecto deportivo.

2. As federacións deportivas galegas, que se relacionan no artigo 2, deberán realizar un estudio previo de todos os/as deportistas recollidos no proxecto deportivo segundo o modelo do anexo II. O estudio realizarase sobre unha base dun proxecto deportivo integral, no que figure un grupo de adestramento e unha cobertura técnica suficiente que garante a preparación dos/as deportistas.

3. No número 6 do índice do proxecto deportivo (anexo II), as federacións deberán incluír a todos os deportistas que en tempo e forma solicitaron formar parte deste listaxe. Se algún dos deportistas non cumprira todos os requisitos establecidos no artigo 3 desta convocatoria, a federación deberá indicalo con claridade.

4. No caso dos/as deportistas propostos por primeira vez (nova admisión) para o grupo de tecnificación, as federacións deberán achegar copia do boletín de notas de xuño de 2025 ou ben un certificado de notas, que despois deben incorporar ao anexo VI de cada deportista.

Artigo 14. Doutras obrigas das federacións

1. As federacións disporán dun equipo técnico para o correcto desenvolvemento do proxecto deportivo presentado (anexo II), en todo caso atendendo ao establecido nesta convocatoria. A relación laboral entre os membros do equipo técnico e a federación deportiva da que dependen, deberá axustarse

en todo momento á lexislación laboral vixente. En ningún caso este persoal federativo gardará relación laboral ou de outro tipo coa Secretaría Xeral para o Deporte.

2. O equipo técnico deberá cumprir o establecido na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia (BOE do 29 de xullo) e estará formado por:

- Unha persoa adestradora responsable da sección deportiva obrigatoriamente.
- Unha persoa substituta nomeada para cubrir as ausencias da responsable obrigatoriamente.
- Unha ou varias persoas adestradoras responsables de grupo con carácter opcional, en función do número de deportistas que integran a sección.

3. A persoa adestradora responsable da sección deportiva será a persoa con maior responsabilidade desa sección deportiva no CGTD e deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Titulación: licenciatura ou Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou título de técnico/a deportivo/a superior, ou adestrador/a deportivo/a de nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente.
- b) Experiencia: acreditar un mínimo de tres anos como adestrador/a coa titulación esixida ou ter ou ter tido a condición de DGAN.
- c) Non estar afectado/a por incompatibilidade.
- d) Deberá estar presente nos adestramentos e facer cumprir o proxecto deportivo presentado polas federacións.
- e) Deberá participar/asistir ás competicións onde participen os/as deportistas con praza no CGTD.

4. A persoa adestradora de grupo terá a responsabilidade do seu grupo de adestramento e deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Titulación: licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou título de técnico/a deportivo/a superior, ou adestrador/a deportivo/a de nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente.
- b) Non estar afectado por incompatibilidade.
- c) Deberá estar presente nos adestramentos do seu grupo, adestrando aos/ás deportistas e cumprir o proxecto deportivo presentado polas federacións.

d) Deberá participar/asistir ás competicións onde participen os/as deportistas con praza no CGTD.

5. Os/as membros do equipo técnico non poderán adestrar a outros deportistas no horario do grupo de adestramento do CGTD sen autorización da Secretaría Xeral para o Deporte.

6. As funcións dos/as adestradores/as serán as recollidas nos anexos IV e V da presente convocatoria.

Sen prexuízo do anteriormente dito, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá desestimar a proposta do/da responsable dos programas e/ou doutros membros do equipo técnico feita pola federación deportiva solicitante, fundamentando a súa decisión no incumprimento dalgún dos requisitos anteriores, ou ben por informe desfavorable por parte da Comisión de Selección, fundamentado por unha falta de compromiso co proxecto educativo do centro entre outras posibles causas.

Artigo 15. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fora expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas”.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fora expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 16. *Revogación*

1. Dunha praza.

A praza concedida a un/unha deportista poderá ser obxecto de expediente de perda de dereito, ademais de polas causas establecidas na normativa reguladora das axudas, polas seguintes causas:

- Inadaptación ás normas de convivencia.

- Dar positivo nun control de dopaxe ou negarse a pasalo.
- Se o recoñecemento médico do CGTD conclúe que non é apto.
- Poderase cancelar a praza porque así o solicite o/a deportista ou os seus pais/titores legais, no caso de ser menores de idade, sempre que veña motivada por causas xustificadas.
- Igualmente poderase cancelar por motivos disciplinarios no caso de faltas moi graves segundo o Regulamento de Réxime Interno do centro.

2. Dun programa.

Os programas poderán ser revogados ao longo do curso a instancia do/da presidente/a da federación galega correspondente, co acordo da asemblea xeral da súa federación.

CAPITULO II

Prazas para as instalacións do CGTD situado en Pontevedra

Artigo 17. Natureza das prazas

1. Grupo de Tecnificación

Poderán ser beneficiarios/as de prazas do grupo de tecnificación as persoas deportistas que cumpran de 14 a 17 anos no 2025 (nados nos anos 2011, 2010, 2009 e 2008). No caso das persoas deportistas que cumpran 17 anos no ano 2025 con carácter xeral deberán cumprir o requisito de ter sido beneficiario dunha praza de tecnificación anteriormente, se ben excepcionalmente, poderanse excluir deste requisito aquelas solicitudes que se xustifiquen por razóns deportivas xustificadas pola participación en competicións deportivas de carácter internacional ou mundial e por unha destacable proxección deportiva.

Excepcionalmente poderanse atender solicitudes que non se axusten ao rango de idade sinalado, ben por razóns académicas tales como alumnos/as de altas capacidades que, previa autorización da Consellería de Educación, Ciencias, Universidades e Formación Profesional, cursen 3º de ESO con menos de 14 anos e alumnos de 2º de bacharelato que por ter repetido algún curso, antes do seu ingreso no CGTD, superen os 18 anos; ou ben por razóns deportivas xustificadas pola participación en competicións deportivas de carácter internacional ou mundial, e por unha destacable proxección deportiva, debendo neste suposto ter un mínimo de 13 anos cumpridos no ano 2025. Estas últimas tramitaranse a través da cota de reserva prevista no artigo 18.3 destas bases reguladoras, ata un máximo de 3 prazas.

- Praza de **residente 1**: deportistas que residan fóra do radio de 3 km. á redonda do CGTD no momento da presentación da solicitude.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento (de domingo a xoves) e manutención (de domingo a venres), servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.

- Praza de **Externo/a 1**: deportistas que residan dentro do radio de 3 Km. á redonda do CGTD no momento da presentación da solicitude.

Excepcionalmente, e logo de informe xustificativo da federación correspondente, poderase acceder á praza de externo/a 1 aínda que se resida fora do radio de 3 km. á redonda do CGTD, cando se acredite de forma razoable o desprazamento da persoa deportista dende o seu domicilio familiar ás instalacións do CGTD con todas as garantías para non romper a dinámica de estudos e adestramentos.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e tutoría.

2. Grupo de Rendemento.

Poderán ser beneficiarios/as de prazas do grupo de rendemento os/as deportistas de máis de 18 anos.

- Praza de **Residente 2**: deportistas que cumpran de 18 a 25 anos no 2025 (nados do ano 2007 ao 2000) que residan fóra do radio de 3 Km. á redonda do CGTD no momento da presentación da solicitude.

Beneficios da praza: aloxamento (de luns a domingo) e manutención (de domingo a venres), servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

- Praza de **Externo/a 2**: deportistas que cumpran 18 anos no 2025 (nados do ano 2007 ou anteriores).

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia (de luns a venres), incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

- Os/as deportistas galegos/as de alto nivel que non sexan bolseiros/as en ningún dos apartados anteriores, poderán presentar unha solicitude directamente ao CGTD, na dirección cgtg@xunta.gal, para o

uso das instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia. Estás serán concedidas directamente pola dirección do centro por orde de solicitude, condicionado á dispoñibilidade dos espazos, horarios e instalacións, e cumprindo as normas de funcionamento do centro. Para o uso dos servizos médico-deportivo e servizo de fisioterapia, debido a alta demanda dos mesmos, priorizaranse as solicitudes xustificadas na participación en eventos deportivos internacionais.

Artigo 18. *Número de prazas.*

Convócanse un máximo de 160 prazas.

1.-Grupo de tecnificación:

1.1.-Ata un máximo de 105 prazas (ata un máximo de 84 residentes 1 e 15 externos/as 1 a distribuír entre os cursos 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato tendo en conta unha distribución ponderada e o límite de alumnado por curso establecido pola Consellería de Educación, Ciencias, Universidades e Formación Profesional.

1.2.-Reservaranse da cota das prazas de tecnificación, o 5% das prazas ofertadas para persoas con discapacidade que compitan en modalidades e probas paralímpicas, (4 prazas de residente e o resto de externos). No caso de non ser ocupadas, pasarán a ser ocupadas pola cota ordinaria.

2.-Grupo de Rendemento:

2.1.-Residente 2, ata un máximo de 12 prazas (non podendo ser máis de 7 do mesmo sexo e como máximo 4 da mesma sección deportiva).

2.2.-Externo/a 2, ata completar as 160 prazas ofertadas na resolución, a decisión da Comisión de Selección segundo os criterios establecidos no punto quinto da convocatoria.

2.3.-Reservaranse da cota das prazas de rendemento, o 5% das prazas ofertadas para persoas con discapacidade que compitan en modalidades e probas paralímpicas. No caso de non ser ocupadas pasarán a ser ocupadas pola cota ordinaria.

3.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, reservase unha porcentaxe de non máis do 10% das prazas que poderá cubrir durante todo o curso académico en función de situacións non recollidas nesta orde, sempre cumprindo uns criterios de interese deportivo para a Secretaría Xeral para o Deporte, previa proposta motivada da federación deportiva

correspondente. As prazas asignadas para cada sección deportiva, no caso de non cubrirse, pasarán á cota de reserva da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

4.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, vista a proposta de resolución, poderá cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas.

Naquelas seccións que non cubran o 50% das prazas ou cando cumpríndose dita porcentaxe, se á vista das solicitudes presentadas non se puideran cumprir os obxectivos do programa deportivo da federación, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá non conceder as prazas solicitadas.

Artigo 19. Duración das prazas

A duración das prazas será dende o 8 de setembro de 2025 ata ao 31 de xullo de 2026, exceptuando o grupo de tecnificación que rematará a última semana do período lectivo.

CAPITULO III

Dos criterios de valoración

Artigo 20 Criterios de valoración

1. Todos os méritos a valorar nos criterios deportivos e académicos que a continuación se detallan, deberán estar debidamente reflectidos no anexo VI desta convocatoria.

2. Valoraranse os criterios deportivos da modalidade deportiva e especialidade para a cal solicitan a praza ao CGTD.

3. Para a tecnificación de triatlón, nas probas de acuatlón e duatlón, terán un valor da metade de puntos sobre a modalidade olímpica.

4. Para valorar aos/ás deportistas nados no ano 2011 nas modalidades nas que non haxa modalidades ou probas olímpicas na categoría infantil, e así o especifiquen no anexo II desta convocatoria, a valoración do resultado será a que especifique a federación e que sexa máis próxima a modalidade e proba olímpica.

5. Non serán valorados os méritos deportivos acadados nos Campionatos de España de clubs, nos Campionatos de España por seleccións autonómicas, nin tampouco en Copas ou competicións internacionais de clubs.

6. A valoración dos resultados acadados nos que a participación sexa formando parte dun equipo, efectuarase segundo as seguintes regras:

. Para o acceso ás prazas de tecnificación, tomarase a puntuación resultante do posto acadado polo equipo e dividirase entre o número de deportistas integrantes do equipo.

. Para o acceso ás prazas de rendemento tomarase a puntuación resultante do posto acadado polo equipo como a individual de cada un dos deportistas integrantes do mesmo.

. Non serán susceptibles de valoración os resultados acadados en competicións internacionais que non sexan formando parte da selección española en convocatoria oficial pola federación nacional.

. As embarcacións dobres en vela, os dobres en bádminton e o dúo feminino en natación artística, consideraranse como probas individuais.

7. Non se valorarán os resultados deportivos acadados en categorías máster, veteráns ou similar.

8. A Comisión de valoración é o órgano competente para a interpretación e resolución de dúbidas relacionadas coa aplicación dos criterios de valoración previstos nas presentes bases, e da valoración dos resultados deportivos en base á documentación aportada.

Artigo 21. Criterios de valoración para os deportistas de Tecnificación.

1. Criterios deportivos

Será preciso acadar unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado de criterios deportivos para optar a unha praza no CGTD.

A valoración do rendemento deportivo realizarase en función da categoría na que o/a deportista proposto/a compete no ano no que se publica esta convocatoria de prazas, cunha participación mínima de 6 competidores, e do seu ano de nacemento. En caso de non existir modalidade e proba olímpica ou paralímpica na súa categoría requirirase certificado da federación española da modalidade e/ou proba que poida considerarse equiparable. A valoración efectuarase segundo o seguinte baremo:

a) Para valorar aos deportistas nados nos anos 2011, 2010, 2009 e 2008 (máximo de 52 puntos):

-Mellor resultado no Campionato de España nos dous últimos campionatos celebrados en modalidade e proba olímpica ou paralímpica, (de 35 a 4 puntos)*:

* Nas probas onde o resultado se acade formando parte dun equipo, a puntuación obtida polo posto acadado dividirase entre o número de integrantes do equipo. (Exemplo: 1º en catro scull: $35 / 4 = 8,75$ para cada deportista).



-1º posto: 35 puntos

-2º posto: 30 puntos

-3º posto: 25 puntos

-4º posto: 20 puntos

-5º posto: 18 puntos

-6º posto: 16 puntos

-7º posto: 14 puntos

-8º posto: 12 puntos

-9º posto: 10 puntos

-10º posto: 8 puntos

-11º posto: 6 puntos

-12º posto: 4 puntos

-Mellor resultado no Campionato Galego nos dous últimos campionatos celebrados en modalidade e proba olímpica ou paralímpica, (de 17 a 9 puntos):

* Nas probas onde o resultado se acade formando parte dun equipo, a puntuación obtida polo posto acadado, dividirase entre o número de integrantes do equipo. (Exemplo: 1º en catro scull: $17 / 4 = 4,25$ para cada deportista).

-1º posto: 17 puntos

-2º posto: 15 puntos

-3º posto: 13 puntos

-4º posto: 11 puntos

-5º posto: 10 puntos

-6º posto: 9 puntos

b) Nas modalidades nas que non haxa Campionato de España na categoría infantil, segundo o anexo II desta convocatoria, para a valoración dos deportistas nados no ano 2011 tomarase a valoración do resultado no Campionato Galego infantil, en modalidade e proba olímpica ou paralímpica individual, ~~será~~ segundo o seguinte baremo cun máximo de 40 puntos (de 40 a 18 puntos):

* Nas probas onde o resultado se acade formando parte dun equipo, a puntuación obtida polo posto acadado, dividirase entre o número de integrantes do equipo. (Exemplo: 1º en catro scull: $40 / 4 = 10$ para cada deportista).

-1º posto: 40 puntos

-2º posto: 36 puntos

-3º posto: 32 puntos

-4º posto: 28 puntos

-5º posto: 26 puntos

-6º posto: 24 puntos

-7º posto: 22 puntos

-8º posto: 20 puntos

-9º posto: 18 puntos

Asemade, aplicarase dito baremo aos/ás deportistas carentes de competicións nacionais e autonómicas, que así o especifiquen no anexo II e veñan acompañadas por un informe técnico (máximo de 40 puntos).

Este apartado “b” só se puntuará se no apartado “a” non teñen puntuación ou a puntuación é menor que os puntos do apartado “b”. As puntuacións dos apartados “a” e “b” son excluíntes, non complementarias.

c) Deportistas que competiron formando parte da selección española en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas en convocatoria oficial pola federación Nacional nos anos 2024 ou 2025*, escollendo só unha das seguintes competicións (máximo 18 puntos).

En caso de no existir modalidade ou proba olímpica ou paralímpica nunha categoría requirirase certificado da federación española da modalidade e/ou proba que poida considerarse equiparable.

* Para o ano 2025, poderase valorar a participación en dito campionato, sempre que se acredite pola federación nacional, cando esta se vaia a producir despois do prazo de presentación de solicitudes.

- Se competiron nos Campionatos do Mundo: 14 puntos

- Se competiron nos Campionatos de Europa: 12 puntos

- Sumaranse 4 puntos adicionais se acadan estar entre os 8 primeiros postos do Campionato.

- Se competiron en Copas do Mundo: 9 puntos

- Se competiron en Copas de Europa: 7 puntos

- Sumaranse 2 puntos adicionais se acadan estar entre os 8 primeiros postos da Copa.

- Se competiron en Torneos internacionais: 1 punto polo participación en cada torneo, ata un máximo de 3 puntos.

d) Deportistas que competiron formando parte da selección española en modalidades e probas non olímpicas en convocatoria oficial pola federación nacional nos anos 2024 ou 2025, escollendo só unha das seguintes competicións (máximo 8 puntos).

- Se competiron en Campionato do Mundo: 6 puntos

- Se competiron en Campionato de Europa: 4 puntos

- Sumaranse 2 puntos adicionais se acadan estar entre os 3 primeiros postos do Campionato.

- Se competiron en Torneos internacionais: 1 punto polo participación en cada torneo, ata un máximo de 2 puntos.

e) As federacións poderán outorgar ata 10 puntos adicionais a un máximo de 10 deportistas de tecnificación. Esta puntuación irá decrecendo 1 punto por cada deportista ao que se lle asigna, asignándolles a cada un deles: 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2 e 1 punto. Para poder ser puntuado, a puntuación deberá estar acompañada dun informe técnico da federación correspondente xunto co anexo VI, onde xustifique, con criterios técnicos obxectivos, a puntuación do/a deportista (datos antropométricos, progresión deportiva, condicións de adestramento, etc...), reflectida no punto 7.1 do anexo II desta convocatoria. O dito informe de ser negativo, xustificadamente, poderá ser motivo da non inclusión do solicitante na cota da modalidade deportiva.

Esta puntuación só se terá en conta para o acceso ás prazas de cada modalidade deportiva. Non se terá en conta no momento que teña que haber un desempate entre seccións deportivas ou para o acceso a prazas dunha sección deportiva que non cheguen a ser cubertas por deportistas desa modalidade e queden abertas á súa cobertura por deportistas doutras modalidades deportivas segundo a orde de puntuación acadada.

2. Criterios académicos

-Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota superior a 8: 8 puntos.

-Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media entre 6 e 8: 7 puntos.

-Se remata en xuño con todo aprobado e cunha nota media inferior ao 6: 5 puntos.

-Se remata en xuño con dúas ou menos materias suspensas, pero acada unha nota media superior a 7: 4 puntos.

3. Criterio de actitude

No caso de deportistas que aspiren a renovar a súa praza de tecnificación, terase en conta a valoración final residencial sobre o grao de aproveitamento e adaptación aos servizos residenciais, avaliacións deportivas, conforme ás normas de convivencia durante o curso 2024/25, emitida pola dirección do centro, cunha escala que irá de 4 a - 4 puntos.

4. Criterios de desempate no grupo de tecnificación.

A prelación de criterios será:

a) O/a que obtivo maior puntuación na valoración do rendemento deportivo.

b) O/a deportista bolseiro/a o ano anterior que opte por renovar a súa praza no CGTD fronte ao que se incorpora ao centro por primeira vez (sempre e cando non teña puntuación negativa, que non terá esta prelación).

c) O/a que tivese a nota media máis alta en xuño no expediente académico do derradeiro curso.

d) O/a de menor idade.

e) Orde alfabética de apelidos e nome iniciando pola letra “F”, conforme ao sorteo feito pola Consellería de Facenda e Administración Pública no ano 2025, e publicado no Diario Oficial de Galicia nº 16 do 24 de xaneiro de 2025.

5. Cota de prazas de tecnificación como residente.

As prazas máximas do grupo de tecnificación para residentes distribuiranse entre as modalidades e especialidades deportivas do seguinte xeito, podendo cada sección renunciar ao número máximo co pertinente informe técnico da federación:

Atletismo Lanzamentos: 4 prazas de residente

Bádminton: 7 prazas de residente

Judo: 8 prazas de residente

Loita: 7 prazas de residente

Natación pura e augas abertas: 6 prazas de residente

Natación artística: 5 prazas de residente

Piragüismo sláalom: 4 prazas de residente

Piragüismo AT: 17 prazas de residente

Remo: 4 prazas de residente

Taekwondo: 8 prazas de residente

Tríatlón: 7 prazas de residente

Vela: 4 prazas de residente

Ximnasia: 3 prazas de residente

6. Criterio de ordenación para a adxudicación das prazas.

Unha vez ordenada a totalidade das prazas que cumpren os criterios de admisión por orde de puntuación, as prazas serán adxudicadas por modalidade deportiva, ata o número de prazas de cada modalidade establecido no apartado anterior, e por nivel educativo, de tal forma que se cubran na medida do posible o número máximo de prazas en cada nivel ata a ratio máxima autorizada pola administración educativa, nos niveis de 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato.

As prazas que non se cubran polas diferentes seccións deportivas, pasarán á reserva de prazas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Artigo 22. Criterios de valoración para os/as deportistas de Rendemento.

As prazas do grupo de rendemento distribuiranse entre as mesmas modalidades e especialidades deportivas que o grupo de tecnificación.

Non serán susceptibles de valoración os resultados acadados en competicións internacionais que non sexan formando parte da selección española en convocatoria oficial pola federación nacional.

a) Deportistas que acadaron un resultado entre os/as 12 primeiros/as, nos derradeiros Xogos Olímpicos ou Paralímpicos, ou Campionato do Mundo coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas, ata 38 puntos:

- 1º posto: 38 puntos
- 2º posto: 35 puntos
- 3º posto: 32 puntos
- 4º posto: 30 puntos
- 5º posto: 28 puntos
- 6º posto: 26 puntos
- 7º posto: 24 puntos
- 8º posto: 22 puntos
- 9º posto: 20 puntos
- 10º posto: 18 puntos
- 11º posto: 16 puntos
- 12º posto: 14 puntos

b) Deportistas que acadaron un resultado entre os/as 9 primeiros/as, no derradeiro Campionato de Europa coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas, ata 28 puntos:

- 1º posto: 28 puntos



-2º posto: 25 puntos

-3º posto: 22 puntos

-4º posto: 20 puntos

-5º posto: 18 puntos

-6º posto: 16 puntos

-7º posto: 14 puntos

-8º posto: 12 puntos

-9º posto: 10 puntos

c) Deportistas que participaron nos derradeiros Xogos Olímpicos ou Paralímpicos, ou Campionato do Mundo ou Campionato de Europa, coa selección nacional da súa categoría en modalidades e probas olímpicas ou paralímpicas, ata 18 puntos.

- Xogos Olímpicos / Xogos Paralímpicos: 18 puntos.

- Campionato do Mundo: 15 puntos.

- Campionato de Europa: 12 puntos.

- Xogos Europeos: 12 puntos

d) Deportistas que participaron nos dous últimos Campionatos de España de forma individual en modalidades e probas/distancias olímpicas ou paralímpicas, ata 10 puntos:

-1º posto: 10 puntos

-2º posto: 6 puntos

-3º posto: 3 puntos

e) Deportistas que no curso anterior 2024/25 estiveron formando parte dun grupo de tecnificación no CGTD: 6 puntos. Cando o/a deportista que renove teña un informe negativo da dirección do CGTD, nota de convivencia ou valoración final non satisfactoria, este apartado non será valorado. Este criterio non será valorado se non se obtén ningún punto nos apartados anteriores.

f) Criterios de desempate no grupo de Rendemento.

A prelación de criterios será:

1- O/a que obtivo unha maior puntuación sumando os puntos correspondentes ao posto obtido no derradeiro Campionato de Europa e no derradeiro Campionato de Mundo, Xogos Olímpicos ou Paralímpicos.

2- O/a deportista que opte por renovar a súa praza no CGTD. (Sempre que non teña unha puntuación negativa no informe do CGTD).

3- En caso de continuo empate, entraría o deportista que obtivo un mellor posto no derradeiro Campionato do Mundo.

4- O/a de menor idade.

5- Orde alfabética de apelidos e nome iniciando pola letra F, conforme ao sorteo feito pola Consellería de Facenda e Administración Pública no ano 2025, e publicado no Diario Oficial de Galicia nº 16 do 24 de xaneiro de 2025.

g) O/a deportista que solicitando unha praza de residente 2, no grupo de rendemento, non conseguise acceder a ela, pasará á lista de candidatos ao resto de prazas de rendemento, segundo os méritos alegados e os criterios recollidos nesta convocatoria.

CAPITULO IV

DOUTRAS DISPOSICIÓNS

Artigo 23. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 24. *Información ás persoas beneficiarias*

De acordo co establecido no artigo 14, alínea ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e, xunto cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos dos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Así mesmo, os interesados teñen dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 25. Base de datos nacional de subvencións

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 26. Réxime xurídico

O réxime xurídico aplicable a esta convocatoria é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG número 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG número 20, do 29 de xaneiro), polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; os preceptos declarados básicos pola disposición derradeira primeira da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE número 276, do 18 de novembro), xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE número 176, do 25 de xullo), polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa de xeral aplicación.

Artigo 27. Recursos

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional única. *Deportistas de Vela*

Os deportistas seleccionados pola Federación Galega de Vela para o uso do Centro Galego de Vela, situado en Vilagarcía de Arousa, nas clases olímpicas, de tecnificación así como de alto rendemento con programas encamiñados a Os Ánxeles 2028 e con 16 anos cumpridos en adiante, terán os beneficios de servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia no Centro Galego de Tecnificación Deportiva.

A duración dos beneficios será desde o 8 de setembro de 2025 ata o 4 de setembro de 2026.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

Facúltase á persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantos actos e medidas sexan precisos para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2025

Diego Calvo Pouso

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PRAZAS DE TECNIFICACIÓN E RENDEMENTO DEPORTIVO NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA	PR952A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
RAZÓN SOCIAL		

ENDEREZO

PAÍS							
TIPO	NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
PARROQUIA			LUGAR				

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2
CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN(deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
CARGO/MNCULACIÓN COA ENTIDADE		

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal):

PREFIXO	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO



DATOS DA FEDERACIÓN

FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE:

SOLICITA PARA O CURSO 2025-2026:

☐ GRUPO DE TECNIFICACIÓN

☐ GRUPO DE RENDEMENTO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que acepta as bases da convocatoria de subvención establecidas na resolución.
3. Que presenta o proxecto de tecnificación ou rendemento polo menos cos seguintes apartados:
 - Equipo técnico: propostas de persoa adestradora responsable da sección deportiva e as persoas adestradoras responsables de grupo.
 - Obxectivos xerais do programa de tecnificación e/ou rendemento.
 - Criterios metodolóxicos xerais.
 - Competicións de referencia no 2025.
 - Competicións de referencia no 2026.
 - Relación completa das solicitudes recibidas.
 - Relacións, por orde de preferencia, de deportistas propostos para o curso 2025/26. Reflectir tanto os que renovan praza como as novas incorporacións.
 - Achega directa da federación española correspondente ao programa de tecnificación e/ou rendemento do Centro.
 - Outra información de interese (resumo do plan de tecnificación da federación deportiva, convenios subscritos con outras federacións, etc.).

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

☐ Anexo II: proxecto de tecnificación e/ou rendemento para o curso 2025/26.

☐ Anexo III: proposta equipo técnico.

☐ Anexo IV: persoa adestradora responsable da sección deportiva: declaración de coñecemento das súas funcións e declaración de non estar en situación de incompatibilidade.

☐ Anexo V: persoa adestradora responsable de grupo: declaración de coñecemento das súas funcións e declaración de non estar en situación de incompatibilidade.

☐ Anexo VI: valoración técnica das persoas deportistas.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa representante	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
NIF da entidade representante	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do de de pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas, en réxime de concorrència competitiva, de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a tempada 2025/2026 e se procede a súa convocatoria (código de procedemento administrativo PR952A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------



ANEXO II

PROXECTO DE TECNIFICACIÓN E/OU RENDEMENTO DEPORTIVO NO CGTD PARA O CURSO 2025/26

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE

NIF da entidade solicitante:

INDICE DO PROXECTO DEPORTIVO

1. Equipo técnico: propostas de persoa adestradora responsable da sección deportiva e as persoas adestradoras responsables de grupo.
2. Obxectivos xerais do programa de tecnificación e/ou rendemento.
3. Criterios metodolóxicos xerais.
4. Competicións de referencia no 2025.
5. Competicións de referencia no 2026.
6. Relación completa das solicitudes recibidas.
7. Relación, por orde de preferencia, de deportistas propostos para o curso 2025/26. Reflectir tanto os que renovan praza como as novas incorporacións.
8. Achea directa da Federación Española correspondente ao programa de tecnificación e/ou rendemento do Centro.
9. Outra información de interese (resumo do plan de tecnificación da federación deportiva, convenios subscritos con outras federacións, etc.).

1. EQUIPO TÉCNICO

- Proposta da persoa adestradora responsable da sección deportiva

Nome e apelidos		
Responsable (sinalar cun x)	Tecnificación	Rendemento
Titulación académica		
Titulación deportiva		
Anos de experiencia		

- Proposta da persoa adestradora substituta da persoa responsable da sección deportiva

Nome e apelidos		
Responsable (sinalar cun x)	Tecnificación	Rendemento
Titulación académica		
Titulación deportiva		
Anos de experiencia		

- Proposta da/s persoa/s adestradora/s responsable/s de grupo/s

Nome e apelidos		
Responsable (sinala cun x)	Tecnificación	Rendemento
Titulación académica		
Titulación deportiva		

2. OBXECTIVOS XERAIS

2.1. Programa de Tecnificación

Obxectivos a curto prazo (2025-2026)

--

Obxectivos a medio prazo (ata o 2027-2028)

Obxectivos a longo prazo (> 2028)

2.2. Programa de Rendemento

Obxectivos a curto prazo (2025-2026)

Obxectivos a medio prazo (ata o 2027-2028)

Obxectivos a longo prazo (>2028)

3. CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

4. COMPETICIÓNS DE REFERENCIA NO ANO 2025 (ESPECIFICAR POR IDADES)
ÁMBITO AUTONÓMICO

Competición	Categoría	Data

ÁMBITO NACIONAL

Competición	Categoría	Data



ÁMBITO INTERNACIONAL (coa selección española)

Competición	Categoría	Data

5. COMPETICIÓNS DE REFERENCIA NO ANO 2026 (ESPECIFICAR POR IDADES)

ÁMBITO AUTONÓMICO

Competición	Categoría	Data

ÁMBITO NACIONAL

Competición	Categoría	Data

ÁMBITO INTERNACIONAL (coa selección española)

Competición	Categoría	Data

6. RELACIÓN COMPLETA DAS SOLICITUDES RECIBIDAS NA FEDERACIÓN:

Nº	NOME E APELIDOS	ANO DE NACEMENTO	MODALIDADE	MÉRITOS DEPORTIVOS (INDICAR SÓ OS QUE DARÍAN LUGAR Á PRAZA SOLICITADA)	DATA DE OBTENCIÓN DO MÉRITO DEPORTIVO ALEGADO
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					

16					
17					
18					
19					
20					
21					
22					
23					
24					
25					

Relación das solicitudes recibidas que non cumpren algún dos requisitos establecidos no artigo 3 da convocatoria

Nº	NOME E APELIDOS	REQUISITO COMO POSSÍVEL BENEFICIÁRIO, QUE INCUMPRE
1		
2		
3		
4		
5		

7. RELACIÓN, POR ORDE DE PREFERENCIA, DE DEPORTISTAS PROPOSTOS/AS PARA O CURSO 2025/26 (incluir tódalas solicitudes recibidas que cumpran cos requisitos de beneficiarios).

7.1.a Grupo de Tecnificación. Relación da Federación.

[illegible]

¹Tipo de praza: Residente 1, Externo 1. O deportista debe achegar o voante de empadramento do seu concello.

²Proposto no equipo técnico (punto 1 deste anexo)

³No caso das persoas deportistas de nova incorporación pertencentes ao grupo de tecnificación, a federación debe achegar ao anexo VI, un informe técnico para ser valorada a orde de prelación presentada neste anexo.

**No caso das persoas deportistas de nova incorporación pertencentes ao grupo de tecnificación, o deportista debe achegar as notas académicas do ano escolar 2024/2025.*



7.1.b Nados no ano 2010 ou posteriores:

→ Non existe Campionato de España na categoría infantil.
→ Non hai modalidade ou proba olímpica na categoría infantil. Proponse como proba avaliabile:
→ Non tiveron competicións galegas ou nacionais na tempada 2023-2024.
→ Non tiveron competicións galegas ou nacionais na tempada 2024-2025.

7.2 Grupo de Rendemento

[illegible]

¹ Tipo de praza: Residente2, Externo 2. O deportista debe achegar o voante de empadramento do seu concello.

8. Achega directa da Federación Española correspondente ao programa de tecnificación e/ou rendemento do centro.

Year	1990	1991	1992	1993	1994
1990					
1991					
1992					
1993					
1994					

9. Outra información de interese.

--



PROPOSTA EQUIPO TÉCNICO

(Preséntase un por cada persoa que forma parte do equipo técnico)

PERSOA PRESIDENTE DA ENTIDADE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DATOS DA PERSOA ADESTRADORA

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO 1

PREFIXO

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

CARGO QUE OCUPA NO GRUPO DE ADESTRAMENTO (Punto 1 do ANEXO II: Equipo técnico)

CINCO MELLORES RESULTADOS EXERCENDO COMO PERSOA ADESTRADORA

1.

2.

3.

4.

5.

A PERSOA ADESTRADORA DECLARA:

Que todos os datos contidos neste anexo e nos documentos que se achegan son certos.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Persoa adestradora deportiva de nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente
- ☐ Certificado da federación deportiva que acredite un mínimo de tres anos de experiencia, se é o caso, ou no seu caso o recoñecemento da condición de DGAN.
- ☐ Documento que indique o tipo de relación laboral prevista.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa adestradora	☐
Consulta de títulos oficiais universitarios da persoa adestradora	☐
Consulta de títulos oficiais non universitarios da persoa adestradora	☐
Consulta de inexistencia de antecedentes penais por delitos sexuais da persoa adestradora	☐
DNI ou NIE da persoa presidente da federación	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

SINATURA DA PERSOA ADESTRADORA

SINATURA DA PERSOA PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE

Lugar e data

, de de

Lugar e data

, de de



PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DA SECCIÓN DEPORTIVA: DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DAS SÚAS FUNCIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ESTAR EN SITUACIÓN DE INCOMPATIBILIDADE

DATOS DA PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DA SECCIÓN DEPORTIVA

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
PARROQUIA	LUGAR				

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2
CORREO ELECTRÓNICO			
FEDERACIÓN GALEGA DE			

FUNCIÓNS DA PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE:

- Coordinar as persoas adestradoras responsables dos grupos de adestramento da súa sección.
- Informar a Dirección do CGTD de todo o que teña que ver coa súa sección.
- Elaborar o programa de adestramento para o curso, indicando obxectivos, contidos, metodoloxía, sistemas de avaliación, horarios de adestramento e calendario de competicións.
- Programar e supervisar os adestramentos das persoas deportistas.
- Avaliar o proceso de adestramento e o seu resultado.
- Recomendar a renovación ou non renovación dunha persoa deportista.
- Contribuír a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto e valores.
- Titoría, orientación, dirección e apoio ás persoas deportistas durante o tempo dedicado ao adestramento e sempre con atención persoal no marco horario establecido.
- En relación coas persoas deportistas do grupo de tecnificación: Informar a familia e as persoas titoras do centro sobre as ausencias á clase e/ou aos servizos de residencia, como consecuencia da participación das persoas deportistas en competicións deportivas incluídas na programación xeral anual.
- Elaborar a avaliación deportiva trimestral e a memoria deportiva anual.
- Aceptar as normas do regulamento de réxime interno do centro.
- Manter actualizado o inventario do material do CGTD.
- Responsabilizarse do almacenamento, bo uso e control do material do CGTD.

A PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DA SECCIÓN DEPORTIVA DECLARA:

1. Coñecer e aceptar todas as funcións xerais encomendadas como persoa adestradora responsable da sección deportiva no curso 2025/26.
2. Que non desempeña posto ou actividade ningunha no sector público nin realiza actividades privadas incompatibles ou que requiran recoñecemento de compatibilidade.
3. Que non recibe pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio.



SINATURA DA PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DA SECCIÓN DEPORTIVA

Lugar e data

,

de

de

Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra



**PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DE GRUPO: DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DAS SÚAS FUNCIÓNS E
DECLARACIÓN DE NON ESTAR EN SITUACIÓN DE INCOMPATIBILIDADE**
(Só no caso de haber adestradores de grupo, preséntase un por persoa)

DATOS DA PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DE GRUPO

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2
CORREO ELECTRÓNICO			
FEDERACIÓN GALEGA DE			

FUNCIÓNS DA PERSOA ADESTRADORA DE GRUPO:

- Programar e supervisar os adestramentos das persoas deportistas ao seu cargo.
- Avaliar o proceso de adestramento e o resultado das persoas deportistas baixo a súa responsabilidade.
- Informar a persoa técnica responsable da sección deportiva de todo o que teña que ver cos/coas seus/súas deportistas e coa súa función como persoa técnica responsable dun grupo de adestramento.
- Contribuír a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto e valores.
- Titoría, orientación, dirección e apoio ás persoas deportistas durante o tempo dedicado ao adestramento e sempre con atención persoal no marco horario establecido.
- En relación coas persoas deportistas do grupo de tecnificación: Informar a familia e a persoa responsable da sección deportiva das competicións, concentracións, etc. nas que van a participar os/as seus/súas deportistas.
- Aceptar as normas do regulamento de réxime interno do centro.

A PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DE GRUPO DECLARA:

1. Que coñece e acepta todas as funcións xerais encomendadas como persoa adestradora responsable dun grupo de adestramento no curso 2025/26.
2. Que non desempeña posto ou actividade ningunha no sector público nin realiza actividades privadas incompatibles ou que requiran recoñecemento de compatibilidade.
3. Que non recibe pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio.



SINATURA DA PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DE GRUPO

Lugar e data

,

de

de

Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra



VALORACIÓN TÉCNICA DAS PERSOAS DEPORTISTAS
(Preséntase un por persoa, é obrigatorio cubrir tódolos apartados)

Grupo (Tecnificación ou Rendemento)

1. DATOS PERSOAIS

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO 1

PREFIXO

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

ESTUDOS FEITOS NO CURSO 2024/25 ⁽¹⁾

SÓ PARA O GRUPO DE TECNIFICACIÓN ⁽²⁾
PROMOCIONA EN XUÑO DE 2025 (riscar cun X)

☐ SI ☐ NON INDICAR Nº DE SUSPENSOS

NOTA MEDIA DO EXPEDIENTE EN XUÑO DE 2025
(cubrirase só se aprobou todo)

SÓ PARA O GRUPO DE RENDEMENTO
TIPO DE PRAZA SOLICITADA ⁽³⁾

ESTUDOS QUE VAI FACER NO CURSO 2025/26

CLUB TEMPADA 2024/25

CATEGORÍA NA QUE COMPETÍU NA ACTUAL TEMPADA

CLUB TEMPADA 2025/26

CATEGORÍA NA QUE COMPETIRÁ NA PRÓXIMA TEMPADA

(1) No caso das persoas deportistas de nova incorporación pertencentes ao grupo de tecnificación, a federación debe achegar a este anexo, unha copia do boletín de notas de xuño de 2025 ou ben unha copia do certificado académico da persoa deportista.

(2) No caso das persoas deportistas de nova incorporación pertencentes ao grupo de tecnificación, a federación debe achegar a este anexo, un informe técnico para ser valorada a orde de prelación presentada no anexo II, apartado 7.1.a.

(3) A federación debe achegar a este anexo, o certificado de residencia da persoa deportista.



2. TRES MELLORES RESULTADOS NAS COMPETICIÓNS DE REFERENCIA (anos 2024/2025), segundo o recollido nos artigos 21 e 22 desta convocatoria.

* Obrigatorio cubrir todas as columnas

ÁMBITO AUTONÓMICO				RESULTADO	
CAMPIONATO GALEGO	CATEGORÍA	DATA	MODALIDADE	POSTO	MARCA

ÁMBITO NACIONAL				RESULTADO	
CAMPIONATO DE ESPAÑA	CATEGORÍA	DATA	MODALIDADE	POSTO	MARCA

ÁMBITO INTERNACIONAL: COA SELECCIÓN ESPAÑOLA				RESULTADO	
CAMPIONATO	CATEGORÍA	DATA	MODALIDADE	POSTO	MARCA

3. POSTO NA CLASIFICACIÓN NACIONAL TEMPADA 2024/25 (para grupo de rendemento):

4. POSÚE A CONDICIÓN DE DGAN

☐ SI ☐ NON

5. POSÚE A CONDICIÓN DE DAN

☐ SI ☐ NON

6. OS DATOS DAS PERSOAS DEPORTISTAS PROPOSTAS NO GRUPO DE RENDEMENTO, **DEBERÁN ESTAR XUSTIFICADOS DOCUMENTALMENTE POLAS RESPECTIVAS FEDERACIÓNS.**

FEDERACIÓN GALEGA DE:

Propoño a esta persoa deportista para formar parte do grupo de (tecnificación ou rendemento) para o curso 2025/26

SINATURA DA PERSOA ADESTRADORA RESPONSABLE DE GRUPO

Lugar e data

, de de